



1. Introducción	3
2. Pantalla inicial	4
2. Xestión do clube	5
2.1) Datos do clube e equipos	5
2.2) Inscripción online de equipos	6
2.3) Xestión da directiva	7
2.4) Documento de bloqueo administrativo (seguro RC)	8
2.5) Cambio de firma segura	8
2.6) Outras opcións	8
3. Xestión de licenzas (fichas)	9
3.1) Alta de licenzas	10
a) Novo xogador	10
b) Pendente de actualización	11
c) Pendente de confirmación de documentación	12
d) Pendente de Federación	13
e) Pendente de pago	13
f) Outras consideracións no pago	14
3.2) Firma de documentos na intranet	15
3.3) Escáner/subida de documentos na intranet	15
3.4) Listado de xogadores (aliñación)	16
3.5) Imprimir licenza	16
4. Xestión de partidos	17
4.1) Competición oficial	17
4.2) Amigables	17
5. Xestión económica	18
5.1) Cargar saldo	18
5.2) Consulta de pagos/liquidacións	18
5.3) Prezos	18
6. Procedemento ante lesións	19
7. Contacto coa FGF	20



11/02/2021	Versión inicial
30/03/2021	Aclaracións parte de lesións
23/08/2021	Engadida "Inscripción online de equipos"



1. Introducción

A Intranet da FGF é o sistema de rexistro que nos permite federar aos nosos xogadores. Este é un paso obrigatorio para todos os xogadores que desexen competir nas competicións oficiais de fútbol gaélico galegas.

Trátase dun sistema homólogo ao sistema Foireann (ou o anterior Servasport). A principal diferenza é que os datos que teñamos na intranet da FGF son os que teñen validez para as administracións galegas, mentras que o rexistrado en Foireann será o que teña validez de cara ás administracións europea e irlandesa, de cara a calqueira trámite ou axuda que queramos solicitar a estas entidades.

A alta da licenza federativa conleva a obtención dun seguro deportivo que cubrirá ao xogador de calqueira lesión ou accidente que teña practicando fútbol gaélico, tanto en adestramentos como en partidos oficiais ou amigables. É importante resaltar este punto, xa que non debemos pensar nas altas na intranet como un mero formalismo para competir, senón que o cubrirán en caso de lesión: por iso é importante que deamos de alta ás persoas que adestran habitualmente aínda que non participen nos partidos.

O prezo da licenza pode variar de tempada en tempada, e está comprendida en 3 rangos: menores de 16 (cadete, infantil, etc. - gratuíta), xuvenís (16~17 anos - prezo reducido) e sénior (maiores de 18 - prezo completo).

A dirección de acceso é: <http://intranet.ffgalicia.novanet.es/>

O usuario de acceso á intranet proporcionaráo a FGF. Os datos que nos deberán proporcionar son:

- **Código do club:** número de 4 cifras que se usarán nos partes de lesión, actas, etc.
- **Código de usuario:** usuario para acceder ao sistema (típicamente letra máis 4-5 díxitos)
- **Clave de acceso ao sistema:** usada para acceder ao sistema xunto co código de usuario, a veces se solicita para outros trámites na intranet
- **Clave de “firma segura”:** usado para realizar os pagos das fichas
- **Clave de “firma de actas”:** usado para firmar as actas online



2. Pantalla inicial

The screenshot shows the FGF Intranet home page. At the top, there is a navigation bar with a home icon, a principal menu (1), and a user profile (ESTRELA VERMELLA 1686) with a dropdown arrow (2). Below the navigation bar is a main banner for 'ALINEACIONES DE CLUBS' with a 'VERSION MOVIL E PC' link. To the right of the banner are several utility links: 'Nuevo manual Firma Digital', 'Guía rápida de Configuración', 'Resolución de problemas', and 'Soluciones para actualizar el escáner' (8). Below these are 'Responsable COVID: Javier Reyes Rodríguez Romero (Delegación: SANTIAGO)' and a 'Zona de Descarga' section with links for 'Modelos de tramitación de licencias 2020-2021' and 'Otros documentos de tramitación 2020-2021'. There is also a section for 'Otros modelos de documentos: Autorizaciones, Solicitudes, etc...'. The main content area is divided into two columns: 'AREA INFORMACION' (3) with links for 'Gestor Correo Federativo', 'Documentos generales', 'Buscador' (with sub-links for Clubs, Equipos, Licencias), 'Comunicación Online sanciones', and 'Página web de la Federación'; and 'AREA GESTION' with links for 'Cambio Firma Segura', 'Mi Club', 'Gestor de impresión', 'Gestión Licencias OnLine', 'Inscripción On Line de Equipos', and 'Gestión Partidos Amistosos'. Below the main content is a red alert bar (4) stating: 'Atención: Tiene actualmente 2 Licencias en estado de Baja Médica las cuales no pueden participar en ninguna competición.' Below that is a 'Saldo disponible' section (5) showing 'FEDERACIÓN: 0,00 €' and 'MUTUALIDAD: 129,95 €'. Below that is a 'Equipos en Competición' section (6) with a dropdown menu and a message: 'No hay actualmente equipos en competición'. To the right of this section is a 'Soporte ayuda para Clubes' section with links for 'Formulario Incidencias', 'Acceder a Formulario', and 'Teléfono Federación' (9), which includes the phone number '981 900 600' and the 'Horario de atención' (10:00 to 14:00 h and 16:30 to 20:30 h; 09:00 to 15:00 h in summer). At the bottom, there is another red alert bar (7) stating: 'Atención: Debe adjuntar documentos de al menos 5 directivos.'

1. Notificacións (correo, pagos pendentos, etc.) e acceso ao peche de sesión.
2. Menú principal, dende o que poderemos acceder a todas as funcionalidades.
3. Acesos directos ás funcionalidades máis comúns.
4. Avisos de licenzas de baixa por lesión.
5. Resumo do saldo para arbitaxes (federación) e alta de fichas (mutualidade).
6. Equipos actualmente en competición.
7. Outros avisos
8. Outros enlaces de interese (raramente usados)
9. Teléfono de contacto e horario de atención na FGF.



2. Xestión do club e

2.1) Datos do club e equipos

Poderemos ver os datos do noso club a través do menú **Clubes y Equipos > Gestión > Mi Club**.

Mi Club



ESTRELA VERMELLA

Código:	1686	
Delegación:	SANTIAGO	
CIF:	G15653686	
Domicilio:	Rua Varsovia, 10 Esc. 3-2º G	
Localidad:	Santiago de Compostela	
Provincia:	Coruña, La	
C.P.:	15703	
Portal Web:	https://facebook.com/estrela.vermelha.71/	

Correspondencia

Titular:	Ángel Negrete Tuñas	Tratamiento: Sr.
Domicilio:	Rúa San Pedro 40, 1º dta.	
Localidad:	Santiago de Compostela	
Provincia:	Coruña, La	
C.P.:	15705	
Email:	e.vermelha@hotmail.com	

Otros Datos

Teléfonos: 659815129

Fax:

Federación

Num. Registro: **Fecha Inscripción:** 16-01-2017

Fecha Fundación: 05-07-1997

Comunidad

Num. Registro: C05495 **Fecha Inscripción:**

Equipación (Color) **Segunda Equipación**

Camiseta: Roja / Negra	2º Camiseta: Azul / Roja
Pantalón: Rojo	2º Pantalón: Azul
Medias: Rojas	2º Medias: Blancas

Equipos del Club

Nombre del Equipo	Categoría
ESTRELA GAELS "B"	1ª AUTONOMICA GAELICO (*)
ESTRELA VERMELHA	1ª AUTONOMICA GAELICO (*)
ESTRELA VERMELHA	1ª AUTONOMICA GAELICO FEMENINO (*)
ESTRELA SUPERNOVA	1ª AUTONOMICA CADETE GAELICO (*)
ESTRELA SUPERNOVA	1ª AUTONOMICA ALEVIN GAELICO (*)

(*) No está en competición

Junta Directiva

Fecha junta: Desde: 09-03-2016 Hasta: -

Presidente

Angel Negrete Tuñas **Telf:** 659815129 **Email:** e.vermelha@hotmail.com

Fecha Elección: 09-03-2016 **Fecha Fin:** -

Secretario

Iago Pérez Lorenzo **Telf:** 659815129 **Email:** e.vermelha@hotmail.com

Junta Directiva

Ánxela María Estévez Salgueiro	Tesorero	
David De La Torre Domínguez	Vocal	
Vanesa Calviño García	Vocal	

[Histórico De Personas del Club](#)

[Histórico de Licencias del Club](#)

Poderemos editar algúns datos do club como teléfono ou correo de contacto (aparecerán na web da FGF), cores do club, datos dos membros da directiva, etc. Outros datos só poderán editalos dende a FGF.

Na parte dereita poderemos ver os equipos dispoñibles no noso club. A xestión de equipos (altas e modificacións) corre a cargo da AGFG, co cal calquera modificación deberá solicitarse á mesma. Ao facer click nun equipo, poderemos ver as licenzas dadas de alta no mesmo, así como a opción de imprimir a folla de aliñación.



2.2) Inscripción online de equipos

Antes de proceder á alta de licenzas (fichas), é necesario facer a inscrición online do/s equipo/s na plataforma, a través do menú **Clubes y Equipos > Gestión > Inscripción Online Equipos**.

Inscrición Online Equipos

Antes de proceder a la renovación o alta de Equipos, por favor, actualice los datos del Club >> [Mi Club](#)

[Inscribir un equipo nuevo](#)

Periodos de inscrición en Categorías

Categoría	Equipo	Nuevo	F.Inscrición	Estado	Acciones
1ª AUTONOMICA GAELICO	ESTRELA GAELS "B"	No		Pendiente	Renovación
1ª AUTONOMICA GAELICO	ESTRELA VERMELHA	No	23-08-2021	Pendiente	Editar Anular
1ª AUTONOMICA GAELICO FEMENINO	ESTRELA VERMELHA	No		Pendiente	Renovación
1ª AUTONOMICA CADETE GAELICO	ESTRELA SUPERNOVA	No		Pendiente	Renovación
1ª AUTONOMICA ALEVIN GAELICO	ESTRELA SUPERNOVA	No		Pendiente	Renovación

O máis normal é que teñamos os equipos xa creados de tempadas anteriores, co que só faría falla facer click en "**Renovación**". Abrirase unha ventana na que deberemos revisar e confirmar os datos do equipo correspondente (nome, categoría, etc.).

En caso de querer crear un equipo novo (un equipo B, un equipo noutra categoría, etc.), deberemos pulsar sobre "**Inscribir un equipo nuevo**" e cubrir a ventana cos datos pertinentes (nome, categoría, etc.).

En calquera dos casos deberemos introducir a clave de **firma segura** para proceder.



Categoría:

Observaciones:

Campo de Juego

Tipo Campo:

Población:


Campo:

Ficha del campo

Dirección: Campo da Merced, s/n (Fervenza) - Conxo - Santiago de Compostela

Código Postal: 15706 Provincia: Coruña, La

Revisado: No Luz artificial: No



i Si algún dato del campo no es correcto, por favor, póngase en contacto con la Federación a través del correo interno

	Club	Insc.			
ESTRELA VERMELHA	1ª AUTONOMICA GAELICO	Renovación (Pendiente)	No activo		
ESTRELA VERMELHA	1ª AUTONOMICA GAELICO FEMENINO	---	No activo		
ESTRELA SUPERNOVA	1ª AUTONOMICA CADETE GAELICO	---	No activo		

Cerrar Ventana

Clave de firma segura:

2.3) Xestión da directiva

Poderemos xestionar os membros da directiva do clube a través do menú **Clubes y Equipos > Gestión > Gesitón Juntas Directivas**. É importante manter estes datos actualizados.



2.4) Documento de bloqueo administrativo (seguro RC)

A lei obriga a todos os clubs deportivos a ter contratado un seguro de responsabilidade civil que cubra os posibles desperfectos nas instalacións ocasionados a raíz da práctica deportiva. No menú **Clubes y Equipos > Gestión > Documentos de Bloqueo Administrativo** deberemos subir o resguardo de pago do noso seguro de RC, a través do 1º botón (“Escanear Documento”), do contrario pode que outras funcionalidades estean bloqueadas.

Para máis información en como funciona a subida de ficheiros na intranet, ver sección [3.3. Escáner/subida de documentos na intranet](#).

2.5) Cambio de firma segura

Poderemos cambiar a firma segura (que se usa no pago das fichas) a través do menú **Clubes y Equipos > Gestión > Cambio de Firma Segura**. Deberemos introducir a actual e a nova desexada.

2.6) Outras opcións

A través dos submenús Clubes e Equipos poderemos acceder aos datos públicos doutros clubs ou equipos.



3. Xestión de licenzas (fichas)

A xestión de licenzas (alta, etc.) está centralizada na opción **Licenzas > Gestión > Gestión Licenzas (Clubes)**. Unha vez alí, amosarase a lista de equipos do noso clube. Pinchando nun deles, poderemos xestionar as licenzas que irán asociadas a cada equipo.

Antes de comezar coa alta de licenzas, é necesario revisar que os equipos aos que se queiran asociar están inscritos (ver punto [2.2. Inscripción online de equipos](#)).

NOTA: A decisión de dar de alta xogadores nun equipo ou noutro é unha decisión puramente competicional, xa que a normativa pode permitir que xogadores dun equipo participen en partidos noutro equipo (por exemplo, xogador con ficha do B que xogue no A, cade que xogue no sénior, etc). De cara ás lesións, o que verificará a Mutualidade é que o xogador estea dado de alta nun equipo do clube.

Gestión Licenzas (Clubes)

1AG - ESTRELA VERMELHA - 1ª AUTONOMICA GAELICO GESTIÓN ONLINE DISPONIBLE

Expandir todo

LICENCIAS Descargar: Ayuda

(17 J + 0 A) Jugadores o auxiliares en situación de alta y licencia en vigor
 (0 J + 0 A) Jugadores o auxiliares del club pendientes de actualización
 (2) Pendientes de confirmación de documentación
 (0) Pendientes Federación
 (2) Pendientes de Pago

Código	Nombre y Apellidos	Licencia	F.Nac.	F.Final	Estado		Acciones
116388201	SOUSA, ESTRELA VERMELHA, JAVIER	G	07-09-1990	30-06-2021	En tramitación - Pte. Pago	<input type="checkbox"/>	
101627790	RAMOS, SEBASTIAN, ALVARO	GJ	28-03-1998	30-06-2021	En tramitación - Pte. Pago	<input type="checkbox"/>	

Pagar € Anular Tramitación **Volver al estado de tramitación +** Descargar

(J + A) Jugadores o auxiliares nuevos

Alta nuevo jugador o auxiliar +

Volver a la lista de equipos



3.1) Alta de licenzas

Unha licenza pode pasar por varios estados ata que, finalmente, estea de alta. Na pantalla anterior poderemos ver as licenzas que se atopan en cada estado:

- **Alta e en vigor:** Licenzas coa alta finalizada e en vigor.
- **Pendientes de actualización:** Pasarán a este estado as licenzas que estiveran de alta a anterior tempada ao inicio da seguinte. Simplifica o proceso de alta xa que hai certa documentación que non deberemos achegar de novo.
- **Pendientes de confirmación de documentación:** Xogadores con parte da documentación achegada. Será neste punto onde debemos achegar toda a documentación requirida para a alta. A este estado transitarán tanto as altas dende cero, como os xogadores pendentes de actualización que se queiran renovar. Cando teñamos toda a documentación, o seguinte paso será que a valide a FGF.
- **Pendientes Federación:** Xogadores coa documentación completa e enviada á FGF para a súa validación. En caso de que sexa correcta, pasarase a pendente de pago, senón voltará a pendente de confirmación para enmendar os erros.
- **Pendientes de pago:** Xogadores coa documentación aprobada e pendentes do pago.
- **Xogadores novos:** Opción para dar de alta dende cero a novos xogadores no equipo.

A continuación veremos como dar de alta unha licenza seguindo todos os pasos.

a) Novo xogador

Pulsaremos na opción “**Alta nuevo jugador o auxiliar**”, o que nos amosará un asistente, que deberemos cubrir da seguinte forma para que resulte máis sinxelo:

- **Xogador?** Si
- **Nacional ou estranxeiro?** Escoller segundo o caso
- **Xogou federado?** Non (simplifica a alta)
- **Ten DNI?** Escoller segundo o caso (ou NIE)
 - En caso positivo, introduciremos o DNI. Se nalgún momento tivo ficha na FGF, ofreceráse nos a posibilidade de reutilizar os mesmos datos pulsando no botón editar (opción recomendada).
 - En caso negativo, deberemos proporcionar a data de nacemento.
- En todos os casos, deberemos completar o formulario cos datos persoais do xogador, así como o número de tempadas de vigor da ficha (unha).



ESTRELA VERMELHA - 1ª AUTONOMICA GAELICO

Es jugador? Sí No

Nacional o Extranjero

¿Ha jugado federado con anterioridad? Sí No

Tiene DNI? Sí No

DNI*:

Código:	Nombre:	F. Nac.:	F. Baja:	Tipo:	Categoría:
PROMOTORA	AVANCE RECREATIVO	31.05.2017		G - GAELICO	Territorial

Fecha nacimiento*: (dd-mm-aaaa)

Alta con ficha previa

ESTRELA VERMELHA - 1ª AUTONOMICA GAELICO

Es jugador? Sí No

Nacional o Extranjero

¿Ha jugado federado con anterioridad? Sí No

Tiene DNI? Sí No

DNI*:

Fecha nacimiento*: (dd-mm-aaaa)

Tipo de licencia: **GAELICO**

Nombre*: **El nombre y apellidos sin abreviaturas!**

1er Apellido*: 2º Apellido:

Domicilio*: Número*: Piso: Código postal*:

Provincia*: Población*:

Nacionalidad*: Sexo*: M F T.Resid./Pasap.:

E-mail: Teléfono:

Lugar nacimiento*: Provincia: País*:

Duración licencia*:

Alta sen ficha previa

b) Pendente de actualización

Nesta sección veremos xogadores que tiveron a tempada pasada ficha no noso clube. Pulsando no botón **“Tramitar”**, abirásenos o formulario descrito no punto a), que deberemos confirmar.



c) Pendente de confirmación de documentación

Accederemos a este formulario tras confirmar os datos nos apartados a) ou b), ou a través do botón “**Documentación**” no listado.

Descargar Escanear

Si desea utilizar la [Firma OnLine](#), puede hacer uso de la misma para evitar las impresiones y escaneados de algunos de los documentos solicitados. Aunque siempre podrá descargar el modelo para su impresión y escaneo, incluso si ha añadido alguna firma OnLine. Preste atención al buzón de correo no deseado, para los casos en que introduzca un correo electrónico, ya que recibirá en él las comunicaciones oportunas. Por seguridad, una vez grabada una firma, ésta no puede ser reemplazada, si lo desea, debe anular la tramitación y volver a comenzarla.

Tipo Documento	C. Barras	Fecha Validación	Estado	Confirmar	Acción
Declaración de Responsabilidad COVID-19 X Firma Persona X FIRMA PADRE/MADRE O TUTOR			Pte. Confirmación Club	<input type="checkbox"/>	
Documento de tramitación (Modelo 2000) ✓ Fotografía X Firma Jugador Gaélico X Firma Secretario	6153759208		Pte. Confirmación Club	<input type="checkbox"/>	
Permiso de Residencia del interesado			Pte. Confirmación Club	<input type="checkbox"/>	

Cerrar ✕
Modo de Envío: Escaneo Gestión Online
Enviar documentación a Federación para su validación ✓

Nesta pantalla deberemos achegar a seguinte documentación. Para máis detalles de como funciona o escáner de ficheiros ou as firmas, ir a sección [3.3. Escáner/subida de documentos na intranet](#).

- **Declaración de responsabilidade COVID.** Pódese firmar directamente na intranet. Necesaria tamén firma dun titor en caso de menores.
- **Documento de tramitación.** A propia licenza, para o que se precisa unha fotografía tipo carné, a firma do xogador (máis do titor no caso dun menor) e a do secretario do clube (firma segura). Pódese firmar todo directamente na intranet.
- **DNI ou permiso de residencia.** Deberá achegarse o DNI, NIE ou permiso de residencia, segundo o caso.



Manual Intranet FGF

- **Traspaso FIFA.** Só se amosará no caso dos estranxeiros. Dado que fútbol gaélico non está rexido pola FIFA, deberemos achegar un documento en branco.

Unha vez rematamos de subir e firmar toda a documentación, deberemos marcar o cadrado de “**Confirmar**” de toda a documentación (penúltima columnas) e pulsar no botón “**Enviar documentación a Federación para su validación**”.

d) Pendente de Federación

A documentación está pendente de ser validada pola FGF. Dependendo da hora do día, pode estar validada no propio día ou como moito en 24h. **Importante:** o horario é de luns a venres, co cal as licenzas que se envíen o venres, dependendo da hora, pode que non se validen ata o luns.

En caso de que exista algún erro (por exemplo, DNI caducado), a licenza pasará de novo ao estado anterior, cun comentario indicando o problema.

NOTA: Pódese dar o caso de que se rexeite o modelo de tramitación por estar mal firmado, cando nos realizamos as firmas correctamente na intranet (ou casos similares). En ocasións a plataforma non xera ben os PDFs coas firmas. Para saír do paso, sempre podemos imprimir o modelo e firmar/escanear o documento a man.

Documento de tramitación (Modelo 2000) 6153759208 Pte. Confirmación Club

✓	Fotografía	
✗	Firma Jugador Gaélico	
✗	Firma Secretario	

Descargar PDF


Achegar documento escaneado

e) Pendente de pago

Licenzas coa documentación validada e pendentes de realizar o pago á Mutualidade. Poderemos abrir o formulario de pago pulsando no botón “**Pagar**” no listado de licenzas, como na **notificación** correspondente na cabeceira.

Neste formulario poderemos escoller entre pago con tarxeta ou pago a conta (do saldo dispoñible na intranet). De cara a simplificar a xustificación de subvencións, é recomendable utilizar este 2º método. Deberemos introducir a clave de “firma segura” e, nunha segunda pantalla, confirmar o pago.

Consultar a sección [5.1. Cargar saldo](#) para ver como cargar o saldo na intranet.



CLUB: 1686 - ESTRELA VERMELLA

EQUIPO: ESTRELA VERMELLA		1ª AUTONOMICA GAELICO		Ver/Ocultar Licencias del Boletín
Nº Lics: 2	Nº Jugadores: 2	Nº Técnicos: 0	Nº Delegados: 0	Nº Resto Lic.: 0
Cuota Equipo Mutualidad: 0,00 €	Cuota Lic. Mutualidad: 127,00 €	Derechos de Inscripción: 0,00 €	Tramit. Lic: 0,00 €	

Cuotas Mutualidad de Equipos:	0,00 €
Importe Total de Licencias:	127,00 €
Derechos de Inscripción:	0,00 €
Tramitación de Licencias:	0,00 €
Saldo Deudor:	0,00 €
Saldo Deudor Mutualidad:	0,00 €
TOTAL:	127,00 €
Pago Mutualidad	
Forma de Pago:	
Pago a cuenta	

Saldo del Club Federación:	0,00 €
Saldo disponible Federación:	0,00 €

Saldo del Club Mutualidad:	129,95 €
Saldo disponible Mutualidad:	129,95 €

Firma segura
Para realizar el pago es necesario introducir la clave de firma.

Firma:

Cerrar Ventana

Ver Todos los Equipos

Realizar el Pago

Con isto, a alta da licenza **estará completada**.

NOTA: É posible realizar pagos fraccionados a comezo de tempada.

f) Outras consideracións no pago

A intranet obriga a realizar o pago de todas as licenzas en estado "pendente de pago". Pode ser que nun momento determinado non nos interese pagar todas esas licenzas, pero si ter a documentación validada pola FGF (aforra tempo).

Para facer isto, seleccionaremos as licenzas que non queremos pagar, e pulsaremos no botón "**Anular Tramitación**", o que devolverás as licenzas ao estado "pendente de confirmación", e xa podemos proceder a pagar só as licenzas que desexemos.

Ao estar a documentación validada pola FGF, podemos pasar as licenzas en estado "pendente de confirmación" a "pendente de pago" directamente, co cal poderemos facer o pago de forma instantánea en calqueira momento.



3.2) Firma de documentos na intranet

Na tramitación da licenza hai varios documentos que deben ser firmados. A intranet permite firmar estes documentos de forma online, a través de varios métodos:



- **Código QR:** a escanear no móbil do xogador.
- **Envío por correo:** enviará un correo electrónico ao xogador/titor, para que acceda a unha URL que lle permite firmar.
- **Firma co rato:** Orientado a firmar empregando o navegador dun ordenador de sobremesa.
- **Firma co dedo:** Orientado a firmar empregando o navegador dun portátil, tablet ou móbil.
- **Teclado (código):** Só para a firma do secretario (introducir clave de firma segura).

3.3) Escáner/subida de documentos na intranet

Para subir certos documentos é necesario empregar o “escáner de documentos” da intranet. Para isto, requírese a instalación dun plugin no navegador que, de momento, só está soportado en certos navegadores e certos sistemas operativos (solicítase a instalación ao abrir o formulario).

Salvo que teñamos un escáner configurado no navegador, o máis sinxelo é usar a opción “**Imaxes de disco**” que nos permitirá subir unha imaxe (JPG, PNG...) dende o noso PC. Posteriormente pulsaremos en “**Gardar**” para que quede definitivamente subida.





3.4) Listado de xogadores (aliñación)

Poderemos imprimir a folia de aliñación accedendo ao equipo a través da opción “**Mi Club**” e pulsando no botón “**Descargar Hoja de Alineación**”.

3.5) Imprimir licenza


Na pantalla do equipo, dentro da opción “**Mi Club**”, poderemos facer click no xogador para acceder aos seus datos. Pulsando no botón “**Imprimir**” da parte superior, poderemos imprimir a licenza do xogador.

Gestión Licencias (Clubes)

NEGRETE TUÑAS, ÁNGEL

Acciones



	P. Residencia/ Pasaporte: <input type="text"/>	Código Barras: <input type="text" value="094966206"/>	Licencia: <input type="text" value="094966206"/>	
	Nombre Deportivo: <input type="text"/>	Fecha Nacimiento: <input type="text" value="11-06-1977"/>	Edad: 35	
	Domicilio: <input type="text" value="Rúa 1940"/>	Número: <input type="text" value="40"/>	Piso: <input type="text" value="2"/>	Código Postal: <input type="text" value="15704"/>
	Teléfono: <input type="text" value="614007426"/>			
	Email: <input type="text" value="angelnegrete@xunta.gal"/>			
	Población: <input type="text" value="Santiago de Compostela"/>	Provincia: <input type="text" value="Coruña, La"/>		
	Lugar de Nacimiento: <input type="text" value="Lugo"/>	Provincia: <input type="text" value="Lugo"/>		
	País: <input type="text" value="España"/>	Nacionalidad: <input type="text" value="Española"/>		
	Categoría: <input type="text" value="1ª AUTONOMICA GAELICO"/>			
	Equipo: <input type="text" value="ESTRELA VERMELHA"/>			

G
GAELICO



4. Xestión de partidos

4.1) Competición oficial

Poderemos consultar os partidos de competición oficial dos nosos equipos nas opcións de menú baixo **Competición / Sanciones > Competiciones > Calendario de resultados / Consulta Competiciones**. A xestión do calendario e resultados realízase a AGFG, co cal estas pantallas son só de consulta.

4.2) Amigables

Este punto é importante, xa que para que as lesións producidas en amigables estexan cubertas pola Mutuabilidade, estes partidos deben estar dados de alta na intranet. Isto poderemos facelo a través do menú **Competición / Sanciones > Competiciones > Gestión Partidos Amistosos**.

Pulsando no botón **“Añadir Partido”**, deberemos cubrir os datos do partido: equipo rival, campo e horario (a alta do partido deberá realizalo a equipo local). Con isto xa quedará rexistrado o partido.



5. Xestión económica

5.1) Cargar saldo

Para cargar saldo da Mutualidade na intranet, deberemos realizar un ingreso na seguinte conta, indicando o código e nome do noso clube no concepto. Cando o ingreso se faga efectivo (1-2 días), aparecerá dito saldo na nosa intranet.

Número de conta: ES66 2080 0006 4730 4003 2540 (ABanca).

Concepto: Indicar número e nome de clube.

NOTA: É necesario ter en conta que os fins de semana ou festivos poden retrasar este proceso.

5.2) Consulta de pagos/liquidacións

Poderemos consultar os pagos feitos á Mutualidade no menú **Gestión-Económica > Gestión de Clubes > Liquidaciones**. As liquidacións (cada bloque de pagos á Mutualidade) están ordeadas por tempada.

Tamén existen opcións para consultar os movementos no saldo da intranet.

5.3) Prezos

Existen tres tramos de prezos na alta das licenzas.

- Menores de 16 (cadete, infantil...): gratis
- Xuvenil (16-17): prezo reducido (aproximadamente a metade da sénior)
- Sénior (maiores 18): prezo completo

Adicionalmente, deberemos pagar unha cota pola alta de cada equipo. Esta cota deberá aboarse ao dar de alta a primeira licenza do equipo. Así, se por exemplo a licenza custa 80€ e a alta do equipo 90€, ao dar de alta a 1ª licenza deberemos aboar 170€.

Os prezos poden varias entre tempadas. Poden consultarse na circular que se publica cada tempada na web da FGF:

http://futgal.es/pnfg/NBdd_LstDocumentos?cod_primaria=5000295&cod_secundaria=5001554



6. Procedemento ante lesións

Aínda que esta xestión non se realiza na propia intranet, debe quedar claro o procedemento a seguir no caso de lesión.

Consideracións:

- Só terá atención o xogador que teña a licenza de alta no momento da lesión.
- Só se atenderán as lesións **agresivas** producidas en adestramentos ou partidos (oficiais ou amigables), é dicir, lesións derivadas directamente dun lance de xogo (con impacto ou non), e non lesións de tipo crónico.
- A solicitude de asistencia deberá realizarse nos **7 días seguintes** como máximo.

Procedemento:

- Deberá solicitarse cita no teléfono 981600900 (días laborais).
 - En caso de que a lesión deba atenderse de urxencia (lesións graves ou moi graves), asistiremos ao centro concertado máis cercano (**debe ser no mesmo día da lesión**).
- Deberá aportarse a seguinte documentación:
 - Licenza (ver apartado [3.5. Imprimir licenza](#))
 - [Parte de lesións](#), prestando atención a:
 - Debe estar selado co selo do clube.
 - Debe estar firmado por un directivo.
 - Deben estar cubertas as seccións “Información persoal” e “parte de lesiones”, así como todos os datos na cabeceira.
 - O “número de expediente” (cabeceira) e a “historia clínica” serán cubertas pola Mutualidade.
 - Acta do partido no que conste o que lle sucedeu ao xogar (se foi en partido)
 - [Declaración xurada](#), firmada e selada polo clube, do adestrador indicando o que lle sucedeu ao xogador (se foi nun adestramento), indicando nome completo e DNI.
- A documentación deberá enviarse vía correo electrónico á delegación da Mutualidade que nos corresponda por delegación (por exemplo: auxiliar.santiago@mutualidaddefutbolistas.com), ou a través do centro se fomos de urxencia.

Hospitais/clínicas concertadas: <http://futgal.es/pnfg/NPortada?CodPortada=1000748>



7. Contacto coa FGF

Para comunicarnos coa FGF, deberemos usar o correo interno que proporciona a intranet. Está dispoñible dende o menú **Federación > Correo Interno > Correo OFICIAL**.

Para cuestións máis áxiles poderemos consultar por teléfono ou por correo electrónico estándar á nosa delegación, pero toda comunicación oficial realizarase mediante o correo da intranet. Isto inclúe: validación de partes de lesión, comunicados da FGF, etc.

Outros contactos:

- Teléfono (centralita): 981 600 900
- Contacto delegacións: <http://futgal.es/pnfg/NPortada?CodPortada=1000756>
- Intranet: <http://intranet.ffgalicia.novanet.es/>